



CAN JAZZ

OBRADOIROS 2019

19, 20 e 21 de agosto
Auditorio Municipal de Cangas

INSCRICIÓN

O prezo da matrícula son 30€ por estudante.

Para realizar a inscrición é necesario enviar un e-mail a **jazzcangas@gmail.com** indicando nome completo, DNI, data de nacemento e obradoiro ao que desexa asistir.

Unha vez recibido, proporcionaranse os datos para realizar o pagamento da matrícula, requisito imprescindible para reservar praza.

Prazas limitadas!!

As prazas cubriranse por estricta orde de inscrición.

- **OBRADOIRO DE IMPROVISACIÓN PARA NEN@S**

De 10:00h a 13:00h
Pensado para nenas e nenos ata 11/12 anos

- **OBRADOIRO DE INICIACIÓN AO JAZZ**

De 16:00h a 19:00h
Pensado para rapazada a partir de 12 anos e adultos

-OBRADOIRO DE IMPROVISACIÓN PARA NEN@S

De 10:00h a 13:00h
Ata 11/12 anos

Este obradoiro está especialmente dirixido a nenas e nenos, preferiblemente con coñecementos básicos dalgún instrumento ou voz. Nel terán a oportunidade de mergullarse no mundo da improvisación e entrar en contacto cunha linguaxe musical diferente como é a do jazz e a música moderna, reforzando a súa musicalidade e creatividade.

-OBRADOIRO DE INICIACIÓN AO JAZZ

De 16:00h a 19:00h
A partir de 12 anos/adultos

Este curso está dirixido a persoas novas e adultas, cun nivel básico ou medio dalgún instrumento/voz e que queiran descubrir ou profundizar nos elementos do jazz e a música creativa. Afondarase en conceptos como harmonía, escalas e técnicas de improvisación. A materia está planificada cun carácter plenamente práctico para todo tipo de estudantes.

Os obradoiros teñen unha duración de **9 horas a impartir en 3 días** e neles prepararase un repertorio adecuado ao nivel do grupo de participantes. **O último día farase un concerto aberto ao público.**

O MESTRE

As sesións serán impartidas por **Francisco Blanco "Latino"**, músico de recoñecido prestixio e con grande experiencia no terreo da didáctica, **especializado no ensino a infancia e xuventude** con grandes éxitos ás súas costas.

Saxofonista e frautista nacido en Valencia en 1966, ten formación en jazz e música clásica. Desde 1991 funda e dirixe diferentes formacións e a escola do colectivo de músicos **Sedajazz**.

Participou en prestixiosos festivais arredor do mundo, tocando e gravando con algúns dos músicos de jazz internacionais máis importantes (Pat Metheny, Chris Cheek, Kurt Rosenwinkel, Bruce Barth...). Tamén foi compoñente durante 10 anos do grupo Presuntos Implicados e acompañou en numerosas ocasións a artistas como Lola Flores, Joan Manuel Serrat, Betty Harris ou Martirio, entre outros.

En total gravou máis de 30 discos de jazz e 45 doutros estilos, polos que recibiu innumerables premios e recoñecementos.

É director e profesor de Seminarios de Jazz en Valencia, Sevilla, Tavira, Alhaurín de la Torre e participou en actividades didácticas en torno ao jazz en conservatorios, academias e bandas de toda a xeografía española, ademáis de en países como Palestina, México, Mozambique e Sudáfrica.

CAN JAZZ